

IV Xogos Florais de Ponteareas

Bases do Concurso de Poesía

1. Poderán concorrer a este concurso todos os autores/as que o desexen atendendo as **categorías** seguintes:
 - Infantil: de 9 a 13 anos.
 - Xuvenil: de 14 a 18 anos
 - Adultos: maiores de 18 anos

Para o cómputo de idade, establécese como data de referencia o 26 de abril de 2019 (día no que remata o prazo de entrega dos traballos participantes).

No caso das categorías infantil e xuvenil, deben incluír unha **autorización** de participación asinada polo pai, nai ou titor legal do concursante.

2. As persoas participantes o texto, en folios mecanografados por unha soa cara a dobre espazo e tamaño de letra 12..
3. Os textos presentados deben ser **orixinais e inéditos**, escritos en lingua galega. O tema é libre.

A extensión mínima será de 14 versos e a máxima de 40.
Só se admitirá un poema por participante.
4. Os poemas presentaranse baixo pseudónimo. Para garantir o anonimato, non poderán aparecer datos persoais nin sinaturas. En cada traballo só pode aparecer a categoría (infantil, xuvenil ou adulto) e un pseudónimo do autor ou autora (nunca o nome real)

Os **datos persoais** introduciranse nun sobre pechado. Terán que aparecer os seguintes: nome e apelidos, idade, copia do DNI, teléfono de contacto, enderezo postal, enderezo electrónico e a autorización do pai, nai, ou titor legal no caso dos menores de idade.

Desbotaranse todos os textos que non cumpran estritamente estas bases.

O sobre pechado cos datos persoais introducirase nun sobre mais grande xunto coas cinco copias do poema. No

remite deste sobre grande indicarase a categoría e o pseudónimo.

5. Os traballos entreganse na **Biblioteca Municipal** de Ponteareas (rúa Perillana, 11) de luns a venres en horario de 8.00 a 21.00 horas. O **prazo** empezará a contar dende o día seguinte á publicación destas bases no Taboleiro de Anuncios do Concello e na páxina web www.ponteareas.gal, o prazo remata o 26 de abril de 2019
6. Fixaranse un total de tres **premios** en cada categoría que consistirán na entrega dunha flor natural, diploma acreditativo e unha peza de artesanía galega conmemorativa a cada un dos premiados.
7. O xurado estará presidido polo alcalde do Concello ou persoa na que delegue, e integrado por persoas de recoñecido prestixio no eido da literatura galega. A súa composición farase pública con antelación á emisión do ditame
8. As súas **deliberacións** serán secretas e delas estenderase a acta correspondente. A súa decisión, inapelable, farase pública con antelación á celebración dos Xogos Florais que terán lugar no mes de maio en data por determinar, a través da súa publicación na páxina web e no Taboleiro de Anuncios do Concello de Ponteareas. Os galardoados deberán estar necesariamente presentes nos Xogos Florais, neste acto terán que ler os seus traballos e faráselles entrega do galardón.
9. O Concello de Ponteareas reservarase o dereito de publicar as obras galardoadas nun **libro conmemorativo** do evento, do que cada autor galardoado recibirá 10 exemplares como agasallo. Para a publicación, as persoas gañadoras deberán entregar
10. As obras non premiadas serán **destruídas**.
11. Corresponde ao xurado a interpretación das presentes bases. A participación nesta convocatoria supón a aceptación das mesmas así como a decisión do xurado.

Ponteareas, 13 de marzo de 2019